



Nº EXPEDIENTE: 2023/SUBDIREC/000024

CONDICIÓN REGULADORAS DA SUBVENCIÓN DIRECTA OUTORGADA Á FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO POLA ORGANIZACIÓN NO CONCELLO DE PONTEVEDRA DE ACTIVIDADES DE ÁMBITO AUTONÓMICO “CAMPIONATO GALEGO SENIOR E XUNIOR SPRINT”, “CAMPIONATO GALEGO INFANTIL E CADETE SPRINT” E “CAMPIONATO GALEGO VETERÁNS”

ANEXO Á RESOLUCIÓN POLA QUE SE OUTORGA A SUBVENCIÓN

1º A Federación Galega de Piragüismo (NIF G36040764) presentou unha solicitude pola Sede Electrónica do Concello con número de rexistro de entrada 2023036308, na que pide unha axuda económica de 8.000,00 € con motivo da organización das actividades ámbito autonómico “Campionato galego senior e xunior sprint”, “Campionato galego infantil e cadete sprint” e “Campionato galego veteranos”.

A subvención outórgase baixo a suxeición da Ordenanza xeral municipal de subvencións, da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, do Regulamento que desenvolve a anterior, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 17 de novembro, da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nas condicións establecidas na resolución reguladora da axuda económica outorgada.

2º A achega económica concedida financiará ata o 100% da actividade que se pretende levar a cabo, co límite de 8.000,00 €, ao abeiro do artigo 5 da Ordenanza municipal de subvencións que determina que poderá superarse a porcentaxe do 50% do custo da actividade cando de forma motivada se xustifique que se trata de actividades de especial interese público e ou social.

A relevancia das probas deportivas sinaladas, así como as anteditas razóns de promoción do deporte, da difusión da imaxe da cidade e o beneficio económico que supón para o sector hostaleiro e turístico de Pontevedra xustifican a excepcionalidade esixida pola Ordenanza de subvencións do Concello en canto á porcentaxe da subvención a outorgar, propoñéndose que esta poida alcanzar ata o 100% do custe da actividade. Cómpre subliñar que os campionatos son organizados por unha entidade deportiva que ten unha relación directa coa organización de actividades deportivas na modalidade do piragüismo, aínda que os ditos campionatos son de carácter puntual e extraordinario e desenvólvense fóra da súa programación habitual, polo que non se inclúen no orzamento anual da entidade que solicita a axuda, polo que, tendo en conta o carácter excepcional dos eventos, a tramitación da axuda deberá encanarse polo procedemento previsto no artigo 36.3 da OXS.

A titularidade das actividades subvencionadas corresponde en exclusiva Federación Galega de Piragüismo, o que impide a concorrencia con outras entidades, xustificando a imposibilidade de promover unha concorrencia pública da subvención aprobada.

3º A subvención será compatible con outras axudas ou subvencións de entes públicos ou privados, tendo en conta que, en ningún caso, o importe da axuda económica outorgada será de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas recibidas doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total das actividades desenvolvidas polo beneficiario.





A colaboración do Concello de Pontevedra límitase á achega da subvención comprometida. Esta Administración está eximida de calquera responsabilidade civil ou de calquera tipo que poida derivarse da realización das actividades.

A entidade beneficiaria poderá contratar os gastos que sexan necesarios para a realización por si mesma da actividade subvencionada, pero non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial da actividade para a que se outorga a subvención.

4º As actividades desenvólvense de xuño a setembro do ano 2023 e a xustificación da subvención terá que realizarse antes do 24 de decembro de 2023.

Segundo o artigo 34.3 da Lei 38/2003 o pago da subvención realizarase previa xustificación pola beneficiaria da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención. O procedemento rematará coa resolución que aprobe a xustificación da subvención do Concello.

A asociación beneficiaria está obrigada a presentar a conta xustificativa da subvención, na forma de conta xustificativa simplificada, consonte co establecido no artigo 75 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

A conta xustificativa presentarase a través de medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Pontevedra (<http://sede.pontevedra.gal/>) ou en calquera dos rexistros electrónicos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A data límite para a presentación da conta xustificativa será o 24 de decembro de 2023.

A presentación da conta xustificativa fóra do prazo establecido constitúe unha infracción leve, ao incumprir as obrigas establecidas na normativa reguladora das subvencións públicas, e dará lugar á imposición das sancións previstas legalmente.

A modalidade de xustificación será a de conta xustificativa simplificada, debendo de presentar a seguinte documentación:

- Solicitud de pagamento no modelo normalizado facilitado polo Concello.
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor, do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. No caso de que a subvención se outorgue con arranxo a un orzamento estimado, indicaranse as desviacións acaecidas.
- Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados dos mesmos.
- Documentación que acredite a publicidade por parte da entidade beneficiaria do





financiamento da actividade polo Concello de Pontevedra (folletos, dípticos, carteis, etc.)

O Concello poderá comprobar os xustificantes de gasto que estime oportunos e que permitan obter a evidencia sobre a axeitada aplicación da subvención, polo que poderá requirirse da entidade beneficiaria a presentación das facturas e dos demais xustificantes de gasto que correspondan.

Neste caso, as facturas xustificativas da subvención deberán cumprir os requisitos establecidos no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real Decreto 1619/2012, estarán datadas no período subvencionable e conterán o selo de pagado ou xustificación documental que acredite o seu pago.

Deberá indicarse pola beneficiaria a data da realización do pago e, no caso de que este non poida acreditarse coa conta xustificativa, a entidade beneficiaria deberá de comunicar ao Concello a realización do pagamento no prazo de 10 días dende o abono da subvención pola Tesourería Municipal.

Segundo a Lei 7/2012 de 29 de outubro, na redacción vixente dente o 09/07/2021, non poderán pagarse en efectivo as operacións de importe igual ou superior a 1.000,00 €, polo que, o pagamento destas operacións deberá de realizarse pola beneficiaria mediante transferencia bancaria.





Nº EXPEDIENTE: 2023/SUBDIREC/000024

ASUNTO: OUTORGAMENTO DUNHA ACHEGA ECONÓMICA Á FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO POLA ORGANIZACIÓN NO CONCELLO DE PONTEVEDRA DE ACTIVIDADES DE ÁMBITO AUTONÓMICO “CAMPIONATO GALEGO SENIOR E XUNIOR SPRINT”, “CAMPIONATO GALEGO INFANTIL E CADETE SPRINT” E “CAMPIONATO GALEGO VETERÁNS”

RESOLUCIÓN APROBACIÓN SUBVENCIÓN

1. A Federación Galega de Piragüismo (NIF G36040764) presentou unha solicitude pola Sede Electrónica do Concello con número de rexistro de entrada 2023036308, na que pide unha axuda económica de 8.000,00 € con motivo da organización das actividades ámbito autonómico “Campionato galego senior e xunior sprint”, “Campionato galego infantil e cadete sprint” e “Campionato galego veteranos”.
2. A concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía ditou unha providencia motivada na que se dispón iniciar o expediente para outorgar a achega económica solicitada, a Federación Galega de Piragüismo, de ata o 100% do importe do gasto total e co límite de 8.000,00 €.
3. A solicitude presentada pola entidade interesada acompáñase da seguinte documentación:
 - Memoria explicativa da actividade a desenvolver.
 - Orzamento de gastos e ingresos da actividade a subvencionar.
 - Compromiso da beneficiaria de comunicar ao Concello calquera outra axuda ou subvención que se conceda para a mesma finalidade e a declaración responsable esixida polo artigo 12 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello (OXS).

Aos efectos do cumprimento do disposto na OXS incorporouse ao expediente informe da dirección do servizo de deportes conforme constan no arquivo do servizo copia do NIF da entidade solicitante, Copia do NIF do presidente da entidade, documentación acreditativa dos cargos representativos e do domicilio social, documentación acreditativa de que a interesada se atopa inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións, documentación acreditativa da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas e de Deportistas de Galicia e certificación da entidade bancaria relativa á conta á que se poderá transferir a achega económica.

- Incorporouse de oficio ao expediente:

- Certificacións de estar ao corrente coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Axencia Estatal Tributaria e coa Consellería de Economía e Facenda.
- Informe do Órgano de Tesourería e Xestión Tributaria conforme a interesada non ten débedas coa facenda municipal.





4. Ao abeiro do establecido no artigo 3 da citada ordenanza, son subvencións as disposicións dinerarias realizadas polo Concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública, sempre que cumpran os requisitos previstos no referido precepto.

Neste senso os artigos 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo, exercendo en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, as materias de promoción do deporte e ocupación do tempo libre. No mesmo senso, o artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia establece como competencia dos concellos, entre outras, fomentar e promover a actividade deportiva no seu territorio respectivo.

5. Segundo establece o artigo 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, poderán concederse subvencións de forma directa, con carácter excepcional, cando se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario. Partindo deste precepto, o artigo 36 da OXS regula a posibilidade de conceder subvencións de forma directa, previndo o seu parágrafo 1.c) que se poderá acudir a este procedemento de forma excepcional cando, de maneira motivada, se acrediten as anteditas razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

6. Atendendo á esixencia de motivación que consigna o artigo 36.1.c) da OXS, incorpórase ao expediente a providencia do concelleiro de Educación, Deportes, Actividade Física e Saúde na que se explican cales son as razóns de interese público, social e económico que xustifican o outorgamento da axuda económica solicitada.

Deste xeito, indícase polo órgano competente que: *“Os eventos deportivos para os que se solicita a subvención son probas de grande interese público e social, polo elevado número de participantes e espectadores, polo nivel deportivo das probas, así como pola promoción do deporte de base, do turismo e da economía do noso municipio. Deste xeito, a celebración destes eventos na cidade de Pontevedra suporá, por un lado, a posta en valor da actividade física e deportiva e, por outro, o fomento e a difusión da cidade como promotora de competicións dun destacado nivel deportivo, promovendo a súa imaxe e a súa oferta cultural, turística, comercial e deportiva. A importante repercusión e difusión das probas e o elevado número de participantes e espectadores que se achegan á cidade, fan que a actividade teña un importante retorno económico para a veciñanza, poñendo en valor a imaxe de Pontevedra como escenario dunha proba deportiva de alto nivel.*

De conformidade co anterior, esta Administración considera de interese o outorgamento dunha axuda económica, por importe máximo de 8.000,00 €, con motivo da organización das actividades de ámbito autonómico “Campionato galego senior e xunior sprint”, “Campionato galego infantil e cadete sprint” e “Campionato galego veteranos”. A relevancia das actividades deportivas sinaladas, así como as anteditas razóns de promoción do deporte da difusión da imaxe da cidade xustifican a excepcionalidade esixida pola Ordenanza de subvencións do Concello en canto á porcentaxe da subvención a outorgar, propoñéndose





que esta poida alcanzar ata o 100% do custe da actividade.

7. Motivada no expediente a excepcionalidade do outorgamento directo da subvención, a contía que se pretende outorgar ascende a 8.000,00 €. Neste senso, cómpre subliñar que consonte co disposto na base 40.2 das de execución do orzamento vixente, non será aplicable, na tramitación de subvencións directas, o límite contido no artigo 36.1.C da OXS.

8. A subvención proposta poderá instrumentalizarse a través dunha resolución ou decreto do órgano competente, tendo en conta o disposto polos artigos 28 da Lei 38/2003 e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia que consideran ao convenio "*instrumento habitual*" para canalizar as de concesión directa, máis non configura ao convenio como instrumento indispensable, permitindo outros cauces para a formalización do acordo que se adopte.

O artigo 65.3 do Real decreto 887/2006 que aproba o regulamento polo que se desenvolve a Lei 38/2003 e o artigo 36.4 da Ordenanza reguladora das subvencións do Concello regulan os extremos que deberá incluír a resolución pola que se conceda a subvención.

Xa que logo, o decreto que, no seu caso, dispoña a concesión da subvención solicitada deberá conter os extremos enumerados no dito artigo, debendo indicar ademais o carácter singular da axuda e as razóns que acrediten o interese público, social, económico, humanitario e de oportunidade e obxectivos perseguidos. A este respecto, xúntase ao expediente un proxecto das bases específicas que regulan o outorgamento da subvención e que recollen o contido mínimo previsto na normativa de aplicación.

9. Consonte co disposto no artigo 75 do Real Decreto 887/2006 e na base 43 das de execución do Orzamento, a xustificación da axuda outorgada realizarase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, que deberá de presentarse pola entidade beneficiaria na forma e contido previstos nos citados preceptos e no decreto regulador da axuda.

10. Aos efectos de dar cumprimento ao artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012 do 27 abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira e de conformidade co previsto na Base 50 das de execución do orzamento, únese ao expediente unha memoria económica que analiza o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

11. A competencia para a concesión de subvencións directas con carácter excepcional de importe inferior a 12.020,24 € corresponde ao Alcalde de conformidade co disposto no artigo 36.3 da OXS. A dita competencia delegouse por decreto da Alcaldía de data 17.06.2023 nos/as concelleiros/as de goberno delegados de área segundo o seu ámbito funcional, en concreto no caso que nos ocupa, na Concelleira da área de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía.

12. A Intervención Xeral, con data 17.10.23, informou de conformidade o expediente segundo o disposto no artigo 214 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), así como no artigo 58 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, e Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local. No informe de fiscalización previa limitada da intervención xeral consta unha observación coa consideración de incumprimento esencial e outras dúas co carácter de irregularidade leve, que non suspende o procedemento pero que deberán ser tidas en conta.





13. O 17.10.23 o director do servizo de deportes emite informe, sobre as observacións que constan no informe de fiscalización previa limitada da intervención xeral municipal, no que se entenden subsanadas as mesmas.

14. No que á subvención respecta, deberá comunicarse á Base de Datos Nacional de Subvencións nos termos indicados no artigo 20.8 da Lei Xeral de Subvencións.

Consonte cos fundamentos xurídicos expostos, unha vez informada a existencia de crédito pola Oficina de xestión presupuestaria e contabilidade e informado o expediente de conformidade pola Intervención Xeral municipal,

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a concesión da subvención directa á Federación Galega de Piragüismo (NIF G36040764), con motivo da organización das actividades de ámbito autonómico “Campionato galego senior e xunior sprint”, “Campionato galego infantil e cadete sprint” e “Campionato galego veteráns”, por importe de 8.000€ nos termos previstos na providencia do inicio do expediente da concelleira de área de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía e nas bases reguladoras da axuda.

A achega económica financiará ata o 100% do importe do gasto total do programa subvencionado, co límite de 8.000,00 €, en base ás especiais razóns de interese público e social motivadas no expediente.

Segundo: Aprobar o gasto polo importe e con cargo á aplicación orzamentaria e operación do exercicio vixente que se indica:

Aplicación	Operación nº	Importe
05.3410.489.03	12023000050076	8.000,00 €
Total		8.000,00 €

Terceiro: Aprobar as condicións específicas do outorgamento desta subvención como anexo ao presente acordo, contidas no documento co CSV: GRZ1C2CM4J8ZDM6I.

Cuarto.- Aprobar a proposta de ficha da liña de subvención directa da Federación Galega de piragüismo, que consta no expediente no documento con CSV: X3SJ1PK3FOTHBJRE e incorporar a mesma ao Plan Estratéxico de subvencións vixente.

Así o manda e asina a concelleira da área de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía e da fe do acto o Secretario da Administración Municipal.

Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica





Nº EXPEDIENTE: 2023/SUBDIREC/000025

CONDICIÓN REGULADORAS DA SUBVENCIÓN DIRECTA Á FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO POLA ORGANIZACIÓN NO CONCELLO DE PONTEVEDRA DE ACTIVIDADES DE ÁMBITO NACIONAL “COPA DE ESPAÑA DRAGÓN 200M”, “COPA ESPAÑA CADETE SPRINT” “CAMPIONATO DE ESPAÑA SENIOR E XUNIOR SPRINT OLÍMPICO” “CAMPIONATO DE ESPAÑA DE DRAGÓN” “COPA DE ESPAÑA SENIOR E XUNIOR SPRINT OLÍMPICO” E “TORNEOS NACIONAIS DE KAYAK POLO DE 1,2 E 3 DIVISIÓN MASCULINA E FEMININA”

ANEXO ACORDO XUNTA GOBERNO LOCAL POLO QUE SE OUTORGA A SUBVENCIÓN

1º A Federación Galega de Piragüismo (NIF G36040764) presentou unha solicitude pola Sede Electrónica do Concello con número de rexistro de entrada 2023036316, na que pide unha axuda económica de 15.000,00 € con motivo da organización das actividades de ámbito nacional “Copa de España de Dragón 200m”, “Copa de España cadete sprint”, “Campionato de España senior e xunior sprint olímpico”, “Campionato de España de dragón”, “Copa de España senior e xunior sprint olímpico” e “Torneos nacionais kayak polo de 1,2 e 3 división masculina e feminina”.

A subvención outórgase baixo a suxeición da Ordenanza xeral municipal de subvencións, da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, do Regulamento que desenvolve a anterior, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 17 de novembro, da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nas condicións establecidas na resolución reguladora da axuda económica outorgada.

2º A achega económica concedida financiará ata o 100% da actividade que se pretende levar a cabo, co límite de 15.000,00 €, ao abeiro do artigo 5 da Ordenanza municipal de subvencións que determina que poderá superarse a porcentaxe do 50% do custo da actividade cando de forma motivada se xustifique que se trata de actividades de especial interese público e ou social.

A relevancia das probas deportivas sinaladas, así como as anteditas razóns de promoción do deporte, da difusión da imaxe da cidade e o beneficio económico que supón para o sector hostaleiro e turístico de Pontevedra xustifican a excepcionalidade esixida pola Ordenanza de subvencións do Concello en canto á porcentaxe da subvención a outorgar, propoñéndose que esta poida alcanzar ata o 100% do custe da actividade. Cómpre subliñar que os campionatos son organizados por unha entidade deportiva que ten unha relación directa coa organización de actividades deportivas na modalidade do piragüismo, aínda que os ditos campionatos son de carácter puntual e extraordinario e desenvólvense fóra da súa programación habitual, polo que non se inclúen no orzamento anual da entidade que solicita a axuda, polo que, tendo en conta o carácter excepcional dos eventos, a tramitación da axuda deberá encanarse polo procedemento previsto no artigo 36.3 da OXS.

A titularidade das actividades subvencionadas corresponde en exclusiva Federación Galega de Piragüismo, o que impide a concorrencia con outras entidades, xustificando a imposibilidade de promover unha concorrencia pública da subvención aprobada.

3º A subvención será compatible con outras axudas ou subvencións de entes públicos ou privados, tendo





en conta que, en ningún caso, o importe da axuda económica outorgada será de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas recibidas doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total das actividades desenvolvidas polo beneficiario.

A colaboración do Concello de Pontevedra límitase á achega da subvención comprometida. Esta Administración está eximida de calquera responsabilidade civil ou de calquera tipo que poida derivarse da realización das actividades.

A entidade beneficiaria poderá contratar os gastos que sexan necesarios para a realización por si mesma da actividade subvencionada, pero non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial da actividade para a que se outorga a subvención.

4º As actividades desenvólvense de xuño a agosto do ano 2023 e a xustificación da subvención terá que realizarse antes do 13 de novembro de 2023.

Segundo o artigo 34.3 da Lei 38/2003 o pago da subvención realizarase previa xustificación pola beneficiaria da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención. O procedemento rematará coa resolución que aprobe a xustificación da subvención do Concello.

A asociación beneficiaria está obrigada a presentar a conta xustificativa da subvención, na forma de conta xustificativa simplificada, consonte co establecido no artigo 75 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

A conta xustificativa presentarase a través de medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Pontevedra (<http://sede.pontevedra.gal/>) ou en calquera dos rexistros electrónicos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A data límite para a presentación da conta xustificativa será o 13 de novembro de 2023.

A presentación da conta xustificativa fóra do prazo establecido constitúe unha infracción leve, ao incumprir as obrigas establecidas na normativa reguladora das subvencións públicas, e dará lugar á imposición das sancións previstas legalmente.

A modalidade de xustificación será a de conta xustificativa simplificada, debendo de presentar a seguinte documentación:

- Solicitud de pagamento no modelo normalizado facilitado polo Concello.
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. No caso de que a subvención se outorgue con arranxo a un orzamento estimado, indicaranse as desviacións acaecidas.
- Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.





- No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados dos mesmos.
- Documentación que acredite a publicidade por parte da entidade beneficiaria do financiamento da actividade polo Concello de Pontevedra (folletos, dípticos, carteis, etc.)

O Concello poderá comprobar os xustificantes de gasto que estime oportunos e que permitan obter a evidencia sobre a axeitada aplicación da subvención, polo que poderá requirirse da entidade beneficiaria a presentación das facturas e dos demais xustificantes de gasto que correspondan.

Neste caso, as facturas xustificativas da subvención deberán cumprir os requisitos establecidos no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real Decreto 1619/2012, estarán datadas no período subvencionable e conterán o selo de pagado ou xustificación documental que acredite o seu pago.

Deberá indicarse pola beneficiaria a data da realización do pago e, no caso de que este non poida acreditarse coa conta xustificativa, a entidade beneficiaria deberá de comunicar ao Concello a realización do pagamento no prazo de 10 días dende o abono da subvención pola Tesourería Municipal.

Segundo a Lei 7/2012 de 29 de outubro, na redacción vixente dente o 09/07/2021, non poderán pagarse en efectivo as operacións de importe igual ou superior a 1.000,00 €, polo que, o pagamento destas operacións deberá de realizarse pola beneficiaria mediante transferencia bancaria.



Trámite: certificación do acordo.

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 20.10.2023, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

B) OUTORGAMENTO DUNHA ACHEGA ECONÓMICA Á FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO POLA ORGANIZACIÓN NO CONCELLO DE PONTEVEDRA DE ACTIVIDADES DE ÁMBITO NACIONAL “COPA DE ESPAÑA DRAGÓN 200M”, “COPA ESPAÑA CADETE SPRINT” “CAMPIONATO DE ESPAÑA SENIOR E XUNIOR SPRINT OLÍMPICO” “CAMPIONATO DE ESPAÑA DE DRAGÓN” “COPA DE ESPAÑA SENIOR E XUNIOR SPRINT OLÍMPICO” E “TORNEOS NACIONAIS DE KAYAK POLO DE 1,2 E 3 DIVISIÓN MASCULINA E FEMININA”. 2023/SUBDIREC/000025.

I. ANTECEDENTES

1. A Federación Galega de Piragüismo (NIF G36040764) presentou unha solicitude pola Sede Electrónica do Concello con número de rexistro de entrada 2023036316, na que pide unha axuda económica de 15.000,00 € con motivo da organización das actividades de ámbito nacional “Copa de España de Dragón 200m”, “Copa de España cadete sprint”, “Campionato de España senior e xunior sprint olímpico”, “Campionato de España de dragón”, “Copa de España senior e xunior sprint olímpico” e “Torneos nacionais kayak polo de 1,2 e 3 división masculina e feminina”.

2. A concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía ditou unha providencia motivada na que se dispón iniciar o expediente para outorgar a achega económica solicitada, a Federación Galega de Piragüismo, de ata o 100% do importe do gasto total e co límite de 15.000,00 €.

3. A solicitude presentada pola entidade interesada acompáñase da seguinte documentación:

- Memoria explicativa da actividade a desenvolver.
- Orzamento de gastos e ingresos da actividade a subvencionar.
- Compromiso da beneficiaria de comunicar ao Concello calquera outra axuda ou subvención que se conceda para a mesma finalidade e a declaración responsable esixida polo artigo 12 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello (OXS).

Aos efectos do cumprimento do disposto na OXS incorporouse ao expediente informe da dirección do servizo de deportes conforme constan no arquivo do servizo copia do NIF da entidade solicitante, Copia do NIF da presidente da entidade, documentación acreditativa dos cargos representativos e do domicilio social, documentación acreditativa de que a interesada se atopa inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións, documentación acreditativa da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas e de Deportistas de Galicia e certificación da entidade bancaria relativa á conta á que se poderá transferir a achega económica.

- Incorporouse de oficio ao expediente:

- Certificacións de estar ao corrente coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Axencia Estatal Tributaria e coa Consellería de Economía e Facenda.
- Informe do Órgano de Tesourería e Xestión Tributaria conforme a interesada non ten débedas coa facenda municipal.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. Ao abeiro do establecido no artigo 3 da citada ordenanza, son subvencións as disposicións dinerarias realizadas polo Concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de



promoción dunha finalidade pública, sempre que cumpran os requisitos previstos no referido precepto.

Neste senso os artigos 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo, exercendo en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, as materias de promoción do deporte e ocupación do tempo libre. No mesmo senso, o artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia establece como competencia dos concellos, entre outras, fomentar e promover a actividade deportiva no seu territorio respectivo.

2. Segundo establece o artigo 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, poderán concederse subvencións de forma directa, con carácter excepcional, cando se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario. Partindo deste precepto, o artigo 36 da OXS regula a posibilidade de conceder subvencións de forma directa, previndo o seu parágrafo 1.c) que se poderá acudir a este procedemento de forma excepcional cando, de maneira motivada, se acrediten as anteditas razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

3. Atendendo á esixencia de motivación que consigna o artigo 36.1.c) da OXS, incorpórase ao expediente a providencia da concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía na que se explican cales son as razóns de interese público, social e económico que xustifican o outorgamento da axuda económica solicitada.

Deste xeito, indícase polo órgano competente que: “Os eventos deportivos para os que se solicita a subvención son probas de grande interese público e social, polo elevado número de participantes e espectadores, polo nivel deportivo das probas, así como pola promoción do deporte de base, do turismo e da economía do noso municipio. Deste xeito, a celebración destes eventos na cidade de Pontevedra suporá, por un lado, a posta en valor da actividade física e deportiva e, por outro, o fomento e a difusión da cidade como promotora de competicións dun destacado nivel deportivo, promovendo a súa imaxe e a súa oferta cultural, turística, comercial e deportiva. A importante repercusión e difusión das probas e o elevado número de participantes e espectadores que se achegan á cidade, fan que a actividade teña un importante retorno económico para a veciñanza, poñendo en valor a imaxe de Pontevedra como escenario dunha proba deportiva de alto nivel.

De conformidade co anterior, esta Administración considera de interese o outorgamento dunha axuda económica, por importe máximo de 15.000,00 €, con motivo da organización das actividades de ámbito nacional “Copa de España de Dragón 200m”, “Copa de España cadete sprint”, “Campionato de España senior e xunior sprint olímpico”, “Campionato de España de dragón”, “Copa de España senior e xunior sprint olímpico” e “Torneos nacionais kayak polo de 1,2 e 3 división masculina e feminina”. A relevancia das actividades deportivas sinaladas, así como as anteditas razóns de promoción do deporte da difusión da imaxe da cidade xustifican a excepcionalidade esixida pola Ordenanza de subvencións do Concello en canto á porcentaxe da subvención a outorgar, propoñéndose que esta poida alcanzar ata o 100% do custe da actividade”.

4. Motivada no expediente a excepcionalidade do outorgamento directo da subvención, a contía que se pretende outorgar ascende a 15.000,00 €. Neste senso, cómpre subliñar que consonte co disposto na base 40.2 das de execución do orzamento vixente, non será aplicable, na tramitación de subvencións directas, o límite contido no artigo 36.1.C da OXS.

5. A subvención proposta poderá instrumentalizarse a través dunha resolución ou decreto do órgano competente, tendo en conta o disposto polos artigos 28 da Lei 38/2003 e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia que consideran ao convenio “instrumento habitual” para canalizar as de concesión directa, máis non configura ao convenio como instrumento indispensable, permitindo outros canles para a formalización do acordo que se adopte.



O artigo 65.3 do Real decreto 887/2006 que aproba o regulamento polo que se desenvolve a Lei 38/2003 e o artigo 36.4 da Ordenanza reguladora das subvencións do Concello regulan os extremos que deberá incluír a resolución pola que se conceda a subvención.

Xa que logo, o acordo que, no seu caso, dispoña a concesión da subvención solicitada deberá conter os extremos enumerados no dito artigo, debendo indicar ademais o carácter singular da axuda e as razóns que acrediten o interese público, social, económico, humanitario e de oportunidade e obxectivos perseguidos. A este respecto, xúntase ao expediente un proxecto das bases específicas que regulan o outorgamento da subvención e que recollen o contido mínimo previsto na normativa de aplicación.

6. Consonte co disposto no artigo 75 do Real Decreto 887/2006 e na base 43 das de execución do Orzamento, a xustificación da axuda outorgada realizarase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, que deberá de presentarse pola entidade beneficiaria na forma e contido previstos nos citados preceptos e no decreto regulador da axuda.

7. Aos efectos de dar cumprimento ao artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012 do 27 abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira e de conformidade co previsto na Base 50 das de execución do orzamento, únese ao expediente unha memoria económica que analiza o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

8. A competencia para a aprobación do expediente corresponde a Xunta de Goberno Local De conformidade co disposto no artigo 36.3 da OXS.

9. A Intervención Xeral, con data 17.10.23, informou de conformidade o expediente segundo o disposto no artigo 214 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), así como no artigo 58 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, e Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local. No informe de fiscalización previa limitada da intervención xeral consta unha observación coa consideración de incumprimento esencial e outra co carácter de irregularidade leve, que non suspende o procedemento pero que deberán ser tida en conta.

10. O 17.10.23 o director do servizo de deportes emite informe, sobre as observacións que constan no informe de fiscalización previa limitada da intervención xeral municipal, no que se entenden subsanadas as mesmas.

11. No que á subvención respecta, deberá comunicarse á Base de Datos Nacional de Subvencións nos termos indicados no artigo 20.8 da Lei Xeral de Subvencións.

Consonte cos fundamentos xurídicos expostos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión da subvención directa á Federación Galega de Piragüismo (NIF G36040764), con motivo da organización das actividades de ámbito nacional “Copa de España de Dragón 200m”, “Copa de España cadete sprint”, “Campionato de España senior e xunior sprint olímpico”, “Campionato de España de dragón”, “Copa de España senior e xunior sprint olímpico” e “Torneos nacionais kayak polo de 1,2 e 3 división masculina e feminina”, por importe de 15.000€

A achega económica financiará ata o 100% do importe do gasto total do programa subvencionado, co límite de 15.000,00 €, en base ás especiais razóns de interese público e social motivadas no expediente.

Segundo.- Aprobar o gasto polo importe e con cargo á aplicación orzamentaria e operación do exercicio vixente que se indica:

Aplicación	Operación nº	Importe
05.3410.489.06	12023000049950	15.000,00 €
Total		15.000,00 €

Terceiro.- Aprobar as condicións específicas reguladoras da subvención redactadas por este



servizo xestor que se incorporan ao expediente no documento con CSV: MCOMEYMEDUAM22ZN.

Cuarto.- Aprobar a ficha da liña de subvención directa da Federación Galega de Piragüismo que consta no expediente no documento con CSV TC32QFRJWRXXZKMI e incorporar a mesma ao Plan Estratéxico de subvencións vixente.

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

